

Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

DECRETO DO ALCALDE NÚMERO 190/2016.

De acordo co previsto nos artigos 112 e 113 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o 49º do Regulamento orgánico municipal e na Resolución deste Alcalde número 474/2015, do 19 de xuño, modificada pola número 846/2015, do 23 de decembro,

ACORDO:

Primeiro. Convocar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local que terá lugar no Salón da Alcaldía da Casa Consistorial o vindeiro día **7 de abril de 2016 (xoves) ás 10:00 horas**, coa seguinte orde do día:

- 1.- Aprobación da acta da sesión anterior do 23 de marzo de 2016.**
- 2.- Aprobación do expediente de contratación da xestión do servizo público da piscina cuberta municipal do Concello de Padrón. Expediente 13/2015-XSP-PA.**
- 3.- Comunicación previa de obras de peche frontal de parcela sita no lugar de Extramundi s/n, formulada por dona Sonia Carril Dios. Expediente 3/2016/CP.**
- 4.- Comunidade previa de obras de execución de beirarrúa perimetral a vivenda sia no lugar de Berxaos s/n, formulada por don José Antonio Buela Porto. Expediente 44/2016/CP.**
- 5.- Comunicación previa de obras de reparación de filtracións de auga en cuberta de inmoible sito no lugar de Extramundi de Arriba nº 16, formulada por don Cándido Bandín Abet. Expediente 32/2016/CP.**
- 6.- Comunicación de cambio de titularidade de licenza municipal de apertura de establecemento adicado a comercio e envasado de hortalizas e verduras, sito no lugar de Herbón nº 36, formulada por don Benito Conde López. Expediente 13/2016/CTA.**
- 7.- Solicitud de licenza municipal de obras para construción de marquesina en fachada de inmoible adicado a supermercado sito na avenida Camilo José Cela s/n, formulada por Vego Supermercados S.A. Unipersonal. Expediente 29/2012.**
- 8.- Solicitud de licenza municipal de obras para instalación de estación base de servizos de comunicacións na parcela 67, polígono 506, Estivada do cobo, lugar de Areal, formulada por don Antonio Raposo Vidal, en represenación de Vodafone España S.A.U. Expediente 11/2015/LU.**
- 9.- Autorización para a ocupación de terreos de dominio público coa instalación dunha terraza no número 1 da praza Manuel Rodríguez Cobián, solicitada por don Constantino Gómez Mejuto. Expediente 16/2016-ODP-TR.**
- 10.- Aprobación de Facturas e Gastos.**
- 11.- Ordenación de pagos nº 6/2016.**
- 12.- Aprobación da liquidación do canon anual a satisfacer polo adxudicatario do contrato de explotación do servizo de cafetería do centro social e auditorium do Concello de Padrón. Anualidade 2014**
- 13.- Aprobación da liquidación do canon anual a satisfacer polo adxudicatario do contrato de explotación do servizo de cafetería do centro social e auditorium do Concello de Padrón. Anualidade 2015.**

14.- Aprobación da liquidación co canon da concesión administrativa do servizo da escola infantil municipal do Concello de Padrón. Anualidade 2015.

15.- Xustificación do pago a xustificar concedido á traballadora social dona M^a Dolores Quintáns Longueira, sendo a habilitada perceptora dos fondos a educadora familiar dona Julia Blanco Fernández.

16.- Xustificación do pago a xustificar concedido ao concelleiro delegado de deportes don Andrés Sanmarco Santos, para atender a gastos de avituallamento e outros da XIV Carreira popular Concello de Padrón

17.- Pago a xustificar solicitado pola traballadora social dona M^a Dolores Quintáns Longueira, sendo a habilitada perceptora dos fondos a técnica de intervención familiar dona Julia Blanco Fernández, para cubrir necesidades básicas e urxentes das unidades familiares que pola súa precariedade económica o poidan precisar.

18.- Resolución do procedemento de reclamación de responsabilidade patrimonial do Concello de Padrón expediente número 01/2016-RP.

19.- Regularización ingreso efectuado para pago da matrícula das Aulas da Terceira Idade curso 2015/2016.

20.- Aprobación dos premios da XIV Carreira Popular Concello de Padrón.

21.- Rogos e preguntas.

Segundo. Notificar o presente acordo a todas as persoas membros da Xunta de Goberno Local, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación do mesmo, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Terceiro. Dar traslado da presente Resolución á Intervención Municipal e dar conta da mesma ao Pleno da Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Padrón, 5 de abril de 2016


O Alcalde



Do. Antonio Fernández Angueira

Ante min

Secretaria,



Así. Ana María Ares Álvarez